

## **ACTA DA SESIÓN EXTRAORDINARIA QUE CELEBROU O PLENO DA CORPORACIÓN O DÍA 26/06/2019 EN 1ª CONVOCATORIA.**

### **ASISTENTES**

**Alcalde-Presidente**  
José Marcote Suárez  
(PSdeG - PSOE)

### **Concelleiros**

**Partido Popular (PP)**  
José Manuel Traba Fernández  
Santiago Insua Esmorís-Recamán  
Daniel Juan Benlloch Rivas  
Jenifer Suárez Silva  
Leonor Castrege Fernández

### **Partido dos Socialistas Galicia-Partido Socialista Obrero Español (PSdeG - PSOE)**

Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado  
María Rocío Mariño López

### **Bloque Nacionalista Galego (BNG)**

Xan Carlos Sar Oliveira  
Teresa Fernández Martínez

### **Secretario**

José Ramón Lema Fuentes

**Na vila e termo municipal de Fisterra, partido xudicial de Corcubión sendo ás 20: 36 horas, do día 26/06/2019, reúnen no salón de sesións da casa do concello, os Srs. e Sras. que na marxe se expresan, coa finalidade de celebrar a sesión extraordinaria do Pleno da Corporación ós fins de cumprir co disposto no artigo 38 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais, coa seguinte:**

### **Orde do día**

- 1º **Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.**
- 2º **Periodicidade das sesións plenarias.**
- 3º **Creación, se procede, da Xunta de Goberno local.-**
- 4º **Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.**
- 5º **Nomeamentos de representantes da Corporación nos órganos colexiados.**
- 6º **Aprobar, se procede, a adicación exclusiva ó Alcalde e as asistencias dos concelleiros/as ós órganos colexiados.**
- 7º **Aprobar, se procede, a adicación exclusiva ó Tenente de Alcalde, por delegación de atribucións.--**
- 8º **Constitución de Grupos Políticos, para coñecemento.**

9º Resolucions da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde e delegacións de atribucións conferidas, para coñecemento.

1º Aproba-lo borrador da acta da sesión anterior, se procede.

Sometida a votación a do día 15 de xuño de 2019 é aprobada por Unanimidade dos asistentes.-

2º Periodicidade de sesión plenarias

Dada conta da proposta da Alcaldía co seguinte contido :

“De conformidade co disposto no Art. 210.2 apartado a) da Ley 5/1997 de 22 de xullo de Administración Local de Galicia (D.OG. nº 149 de 5 Agosto), esta Alcaldía efectúa a seguinte proposta :

1º.- Que as **sesións ordinarias do Pleno da Corporación** se celebren o **primeiro xoves** de cada **dous meses** no seguinte horario:

Inverno	Verán
19.00 H.	20.30 H

Se as sesións coinciden con día festivo realizarase o día anterior hábil.-

2º.- Que a primeira sesión ordinaria se celebre o día 8 de Agosto de 2019.-

#### INTERVENCIONS

Sr. Traba Fernández do grupo popular

Formula proposta de que sexa modificado o horario de Inverno das 19:00 horas as 19:30 horas coa finalidade de que poidan asistir Concelleiros que estén desempeñando postos de traballo fora da Corporación.-

Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes acorda aproba-la proposición coa modificación proposta, quedando sinaladas as Sesións Ordinarias para o primeiro xoves de cada dous meses no seguinte horario:

Inverno	Verán
19.30 H.	20.30 H

3º Creación, se procede, da Xunta de Goberno local.-

Dada conta da Moción formulada pola Alcaldía de data 17 de xuño de 2019 co seguinte contido:

“Á vista do contido do Artigo 20.1.b) da Lei 7/85, de 2 de Abril, na súa modificación realizada pola Lei 57/2003 de 16 de decembro e Artigo 35.2 d) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime xurídico das Corporacións Locais, onde se contempla a posibilidade de creación da Xunta de Goberno Local en Concellos de menos de Cinco mil habitantes (5.000), como na actualidade é o caso de Fisterra, **esta Alcaldía** coa finalidade de conseguir unha maior operatividade dentro da Administración Municipal, propoño o Pleno :

### **Adopción de acordo sobre creación da Xunta de Goberno Local dentro desta Corporación**

**Seguidamente o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda aprobar a Moción en todo o seu contido, quedando desde este momento creada a Xunta de Goberno local a todos os efectos legais.-**

#### **4º Creación e composición das Comisións Informativas Permanentes.**

Dada conta da proposta da Alcaldía co seguinte contido:

A) De conformidade co disposto no Art. 20 da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de medidas para a modernización do goberno local, Art.123 a 126 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e Artigo 68 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local para Galicia, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación a formación da seguinte Comisión que tera por obxecto o examen, estudo e informe de todas aquelas materias que estean relacionadas co Urbanismo:

#### **COMISIÓN INFORMATIVA DE URBANISMO**

Integrada polos seguintes concelleiros:

##### **PSdG-PSOE**

**Presidente:** José Marcote Suárez

##### **Concelleiros/as**

##### **Titulares**

Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado

##### **Suplente**

Maria Rocío Mariño López

**Partido Popular**

**Tres Concelleiros cos suplentes pertinentes**

**Bloque Nacionalista Galego ( BNG)**

**Titular**

Teresa Fernández Martínez

**Suplente**

Xan Carlos Sar Oliveira

**Seguidamente o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda aprobala en todo o seu contido.-**

**B) De conformidade co disposto no Art. 20 da Lei 57/2003, de 16 de Decembro, de medidas para a modernización do goberno local, Art.123 a 126 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais e Artigo 68 da Lei 5/1997 de 22 de xullo de administración local para Galicia, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación a formación da seguinte Comisión que tera por obxecto o examen, estudo e informe de da Conta Xeral e das demais Contas anuais desta Corporación.-**

**COMISIÓN INFORMATIVA DE CONTAS**

**Integrada polos seguintes concelleiros:**

**PSdG-PSOE**

**Presidente:** José Marcote Suárez

**Concelleiros/as**

**Titulares:**

Soledad Vilela Romero  
Alexandre Domínguez Lado

**Suplente**

Maria Rocío Mariño López

**Partido Popular**

**Tres Concelleiros cos suplentes pertinentes**

**Bloque Nacionalista Galego ( BNG)**

**Titular**

Teresa Fernández Martínez

**Suplente**  
Xan Carlos Sar Oliveira

**Seguidamente o Pleno da Corporación por unanimidade dos asistentes, acorda aprobala en todo o seu contido.-**

**5º Nomeamentos de representantes da Corporación nos órganos colexiados.**

**Dada conta da proposición da Alcaldía de data 17 de Xuño de 2019 co seguinte contido,**

"De conformidade co disposto no **Art. 38 c) do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais**, esta Alcaldía propón o Pleno da Corporación os seguintes nomeamentos para representantes en órganos colexiados:

**A) COLEXIO PÚBLICO “MAR DE FORA”**

**EDUCACIÓN PRIMARIA**

**Titular:** Teresa Fernández Martínez  
**Suplente:** Xan Carlos Sar Oliveira

**B) INSTITUTO ESO “FIN DO CAMIÑO”**

**Titular:** Teresa Fernández Martínez  
**Suplente:** Xan Carlos Sar Oliveira

**C) COLEXIO PÚBLICO SARDIÑEIRO (AREOUTA)**

**Titular:** Teresa Fernández Martínez  
**Suplente:** Xan Carlos Sar Oliveira

**C) ESCOLA INFANTIL**

**Titular:** Teresa Fernández Martínez  
**Suplente:** Xan Carlos Sar Oliveira

**D) MANCOMUNIDADE DE MUNICIPIOS “COMARCA DE FISTERRA”**

**Vocais**  
**José Marcote Suárez**  
**Xan Carlos Sar Oliveira**

**E) GRUPO DE ACCION COSTEIRA.-**

**Titular:** José Marcote Suárez  
**Suplente:** Xan Carlos Sar Oliveira

**Seguidamente o Pleno da Corporación por Seis votos a favor do grupo PSdG-PSOE e cinco abstencións dos Concelleiros Grupo Popular, acorda aprobala en todo o seu contido.**

**6º Aprobar, se procede, a adicación exclusiva ó Alcalde e as asistencias dos concelleiros/as ós órganos colexiados.**

**Dada conta da proposición formulada pola alcaldía de data 18 de Xuño de 2019 co seguinte contido:**

“De conformidade co disposto no **Artigo 75 da Lei 7/85 de 2 de Abril**, reguladora das Bases Réximen Local, **Artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais**, así como modificación introducida polo **Artigo 4 da Lei 9/91**, **proponse ó Pleno da Corporación a** adopción dos seguintes acordos:

**A) Recoñecemento da Adicación Exclusiva desta Alcaldía para o desempeño das súas responsabilidades corporativas a partir do día 17 de Xuño de 2019:**

<b>Salario Base</b>	<b>3.039,75 €</b>
IRPF (20,37 %)	619,20 €
Seguridade Social	170,23 €
<b>Líquido a percibir</b>	<b>2.250,32 €</b>

**As pagas extras resultantes desta adicación exclusiva serán dúas, unha no mes de xullo e outra no mes de decembro, dentro de cada ano natural coa contía que legalmente lle corresponda.”**

**Seguidamente o Pleno por unanimidade acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.-**

**C) Asistencia de demais membros da Corporación Municipal pola concorrencia efectiva ás sesións dos órganos colexiados e con efectos a partir da súa constitución o día 15 de Xuño de 2019:**

<b>PLENO</b>	<b>100 €</b>
<b>XUNTA DE GOBERNO LOCAL</b>	<b>100 €</b>
<b>COMISION ESPECIAL DE CONTAS</b>	<b>100 €</b>
<b>COMISIONS INFORMATIVAS</b>	<b>100 €</b>

**Seguidamente o Pleno por unanimidade dos asistentes, acorda prestarlle a súa aprobación en todo o seu contido.-**

**7º Aprobar, se procede, a Adicación exclusiva ó Tenente de Alcalde, por delegación de atribucións.--**

Dada conta da proposición formulada pola alcaldía de data 18 de xuño de 2019 co seguinte contido:

“De conformidade co disposto no **Artigo 75 da Lei 7/85 de 2 de Abril**, reguladora das Bases Réximen Local, **Artigo 13 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Rexime Xurídico das Entidades Locais**, así como modificación introducida polo **Artigo 4 da Lei 9/91**, **proponse ó Pleno da Corporación a adaptación dos seguintes acordos:**

**B ) Recoñecemento Adicación Exclusiva en favor do Primeiro Tenente de Alcalde, Xan Carlos Sar Oliveira para o desempeño das súas responsabilidades corporativas nas áreas determinadas na delegación ESPECIAL outorgada ó seu favor por esta Alcaldía en Resolución de data 18 de Xuño de 2019 e con efectos a partir do día 19 do citado mes :**

<b>Salario Base</b>	<b>2.099,55 €</b>
IRPF (14,65 %)	256,98 €
Seguridade Social	156,77 €
<b>Liquido a percibir</b>	<b>1.635,20 €</b>

As pagas extras resultantes desta adicación exclusiva serán dúas, unha no mes de xullo e outra no mes de decembro, dentro de cada ano natural e equivalente á contía que legalmente lle corresponda.”

**Seguidamente o Pleno da Corporación por Seis votos a favor do grupo PSdG-PSOE e cinco abstencións dos Concelleiros Grupo Popular, acorda aprobala en todo o seu contido.-**

**8º Constitución de Grupos Políticos, para coñecemento**

“De conformidade co disposto no **artigo 25 do Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais**, dáse conta da constitución dos seguintes **grupos políticos:**

DENOMINACIÓN	PORTAVOCES
<b>GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO DOS SOCIALISTAS DE GALICIA- PARTIDO SOCIALISTA OBRERO ESPAÑOL ( PSdeG-PSOE )</b>	<b>José Marcote Suárez (Titular)</b> Soledad Vilela Romero ( 1º Suplente) Alexandre Domínguez Lado ( 2º Suplente) María Rocío Mariño López ( 3º Suplente)
<b>GRUPO MUNICIPAL DO PARTIDO POPULAR ( PP )</b>	<b>José Manuel Traba Fernández (Titular)</b> Santiago Insua Esmorís-Recamán ( 1º Suplente) Daniel Juan Benlloch Rivas ( 2º Suplente)

	Jenifer Suárez Silva ( 3º Suplente) Leonor Castrege Fernández ( 4º Suplente)
<b>GRUPO MUNICIPAL DO BLOQUE NACIONALISTA GALEGO ( BNG )</b>	<b>Xan Carlos Sar Oliveira (Titular)</b> Teresa Fernández Martínez (Suplente)

### O Pleno da Corporación dáse por enterado

### 9º Resolúcións da Alcaldía en materia de nomeamentos de Tenentes de Alcalde e delegacións de atribucións conferidas, para coñecemento.

#### Resolución de data 18 de xuño de 2019

“**Constituída a Corporación Municipal en sesión extraordinaria celebrada o pasado 15 de xuño de 2019**, resulta necesario, dentro do prazo dos 30 días seguintes ao da sesión de constitución e por razóns fundamentadas no funcionamento ordinario dos servizos, conferir delegacións especiais dentro do límite previsto no Artigo 43 do RD 2568/1986, do 28 de novembro, polo que se aproba o Regulamento de Organización, Funcionamento e Réxime Xurídico das Entidades Locais.

**Considerando** que o Artigo 21.3 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local e 61.3 da Lei 5/1997, de 22 de xullo de Administración Local de Galicia, establecen a relación tasada das competencias e atribucións que son susceptibles de delegación

**Tendo en conta** que o réxime xeral de delegacións entre os órganos necesarios previstos nos Artigos 114 ao 118 do ROF, co alcance, límites e extensión fixados polo citado Artigo 43.5 do mesmo texto legal, esta Alcaldía, en virtude das competencias que confire o Artigo 21.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases de Réxime Local, e 62.1 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, **RESOLVE:**

**1º.- Outorgar ós Srs./Sras. Concelleiros/as que a continuación se indican, as seguintes delegacións especiais relativas ás áreas e servizos que seguidamente se determinan:**

**ROCIO MARIÑO LÓPEZ ( PSdeG-PSOE )**

#### **ASUNTOS SOCIAIS E SAÚDE PÚBLICA**

Avaliación e información de situacións de necesidade social e a atención inmediata a persoas en situación ou risco de exclusión social (Departamento de Servizos Sociais ).

Protección da salubridade pública (Departamento de Saúde Pública).

## **ALEXANDRE DOMINGUEZ LADO ( PSdeG-PSOE )**

### **RELACIÓN CO MEDIO RURAL**

Relacións interadministrativas en materia de políticas do rural, no eido forestal e das actividades agragandeiras.

Cemiterios e actividades funerarias.

Abastecemento de auga potable a domicilio e evacuación e tratamento de augas residuais.

## **SOLEDAD VILELA ROMERO ( PSdeG-PSOE )**

### **URBANISMO**

Planeamento, xestión e disciplina urbanística.

Protección e xestión do patrimonio histórico.

Promoción e xestión da vivenda de protección pública con criterios financeiros sustentables.

Conservación e rehabilitación da edificación.

Medio ambiente urbano, en particular parques e xardíns públicos, xestión dos residuos sólidos urbanos e protección contra a contaminación acústica, lumínica e atmosférica nas zonas urbanas.

## **TERESA FERNANDEZ MARTINEZ ( B.N.G )**

### **CULTURA, EDUCACIÓN E TICS**

Promoción da cultura e equipamentos culturais.

Participar na vixilancia do cumprimento da escolaridade obrigatoria e cooperar coas Administracións educativas correspondentes na obtención dos solares necesarios para a construción do novos centros docentes.

A conservación, mantemento e vixilancia dos edificios de titularidade local destinados a centros públicos de educación infantil, de educación primaria ou de educación especial.

Promoción no termino municipal da participación dos cidadáns no uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e as comunicación.

### **XAN CARLOS SAR OLIVEIRA ( B.N.G )**

#### **OBRAS E XESTIÓN DE SERVIZOS PÚBLICOS**

- Coordinar, segundo as prioridades da Xunta de goberno, os traballos a realizar das diferentes obras públicas. Incluindo a supervisión e orde dos traballos e servizos relativos á rede de saneamento, arranxo firmes, pistas e camiños, taludes, gabias.

- Supervisar a infraestrutura viaria e outros equipamentos de titularidade municipal., controlando a limpeza en accesos, instalacións, redes comunicación, eléctricas, de iluminación, lavadoiros, muros...

- Supervisar os problemas, deficiencias ou outras incidencias que observe de oficio o sexan denunciadas por particulares, como poden ser defectos de pavimentación, alumeadado público, perigo de ruínas, etc.

- Responsabilizarse do traballo realizado polo persoal adscrito os traballos de obras e servizos múltiples, respecto a obras de todo tipo.

- Supervisar o control de toda a maquinaria, ferramentas, vehículos, etc., pertencentes a este servizo, propoñendo as necesidades de adquisición que prevea.

- Coordinar os servizos de atención á veciñanza en relación a necesidades de mantemento e reparación de incidencias relacionadas con obras de redes de saneamento e abastecemento de augas, de electricidade e comunicacións, limpeza e acondicionado de camiños, pistas e accesos de titularidade pública.

- Feiras, abastos, mercados, lonxas e comercio ambulante.

- Estacionamento de vehículos e mobilidade.

- Transporte colectivo urbano.

**As delegacións comprenderán a proposta, impulso, dirección interna e xestión dos servizos correspondentes pero non poderá incluír a facultade de resolver mediante actos administrativos que afecten a terceiros.-**

**2º.- A presente resolución surtirá efectos a partir do día seguinte ó da súa sinatura, sen perxuízo da súa publicación no Boletín Oficial da Provincia, de conformidade co disposto no Artigo 44.1 dp RD 2568/1986, do 28 de novembro.**

**3º.- Notificar o presente acordo ós/ás interesados/as e dése conta ó Pleno da Corporación na primeira sesión que se celebre.-**

**E non habendo máis asuntos dos que tratar, o Sr. Alcalde-Presidente levanta a sesión, sendo as 20:45 horas, de todo o que como Secretario dou fe.-**